



***Folla de encarga para a realización dos “Traballos de adaptación e mantemento evolutivo da Web Eidus-Coruña, elaboración dun Manual de Identidade e Comunicación DUSI e un resumo executivo da Estratexia DUSI da Coruña”.***

***Condicións técnicas.***



## **CONDICIÓNS TÉCNICAS DO SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A REALIZACIÓN DOS “TRABALLOS DE ADAPTACIÓN E MANTEMENTO EVOLUTIVO DA WEB EIDUS-CORUÑA, ELABORACIÓN DUN MANUAL DE IDENTIDADE E COMUNICACIÓN DUSI E UN RESUMO EXECUTIVO DA ESTRATEXIA DUSI DA CORUÑA”.**

### **1. ANTECEDENTES.**

A Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas resolveu provisionalmente, con data de 18 maio de 2017 e de forma definitiva en data 21 de xullo de 2017 (BOE nº176, do 25 de xullo de 2017), a concesión de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que outorgou ao Concello da Coruña en relación ao proxecto presentado “Eidus-Coruña” a contía de 15 M€, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015 e a Orde HAP/1610/2016, e que ten como obxectivo principal, impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna e o hábitat urbano.

As Estratexias aprobadas, segundo a citada Orde, constitúen o marco para a posterior selección -por parte das Entidades beneficiarias- das operacións para desenvolver na cidade ou na área definida. A Entidade Local procederá a seleccionar as operacións que serán cofinanciadas e que serán obxecto de verificación da súa elixibilidade pola Autoridade de Xestión (AG). A tal fin, a Resolución citada indica que as entidades beneficiarias son designadas como Organismos Intermedios (OI) do FEDER, unicamente para os efectos da selección das operacións. Por iso, e debido a esta condición, o Concello da Coruña deberá elaborar un manual no que se recollan os procedementos para a selección de operacións e unha proposta de criterios para a súa selección.

En cumprimento do artigo 125.3.a do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), elabóranse estes Criterios e Procedementos de Selección de Operacións que servirán para valorar a adecuación das actuacións para ser cofinanciadas polo FEDER neste Programa operativo. Os Criterios de Selección de Operacións apóianse nos principios horizontais citados no Regulamento (UE) Nº 1303/2013, no “Acordo de Asociación de España 2014-2020” e nos acordos adoptados no Comité de Seguimento do POCS o 7 de xuño de 2017.

Por conseguinte, o Concello da Coruña adquire unha dobre condición para a execución dos fondos. Por unha banda, actúa en calidade de ORGANISMO INTERMEDIO LIXEIRO, e por outro, é BENEFICIARIO FEDER DAS OPERACIÓNS que se desenvolvan dentro do ámbito da Estratexia “Eidus-Coruña”.

É por iso que deberá adoptar as medidas e disposicións oportunas para garantir o respecto do principio de separación de funcións, tal como se desprende do artigo 72 do Regulamento 1303/2013. Así mesmo, cabe destacar que como Autoridade Urbana (ORGANISMO INTERMEDIO LIXEIRO) deberá desenvolver as seguintes competencias delegadas pola Autoridade de Xestión:



- Organización interna e definición dos procedementos para seguir (Manual de procedementos)
- Selección e posta en marcha de operacións
- Cumprimento de normativa de aplicación
- Aplicación de medidas anti-fraude
- Contribución á avaliación do Programa Operativo
- Dispoñibilidade da documentación para a realización dos traballos de seguimento, control de xestión e pista de auditoría
- Información relativa ao gasto para certificar
- Contribución aos informes anual e final
- Subministración de información ao sistema informático habilitado para o efecto
- Remisión de copias electrónicas auténticas
- Sistema de contabilización diferenciada (codificación contable que permita:
  - Identificación de cada operación e
  - Trazabilidade de cada anotación contable vinculada á operación referida)
- Elegibilidade e subvencionabilidade do gasto
- Comunicación de incumprimentos predicibles
- Aplicabilidade da normativa comunitaria ao Organismo Intermedio

O Concello, na súa condición de beneficiario de fondos FEDER para a cofinanciación das operacións, deberá, por tanto, executar as actuacións coa máxima calidade, logrando o maior impacto no territorio e cumprindo coa normativa de aplicación; deberá pór en marcha os mecanismos de funcionamento para unha xestión e seguimento eficaces e incrementar a visibilidade ante a cidadanía e os principais organismos xestores de fondos europeos en relación ao papel desenvolvido polo Concello.

A través do proxecto “Eidus-Coruña”, o Concello da Coruña quere executar a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (EDUSI). Dita estratexia ten como propósito transformar a área urbana da Coruña nun espazo de maior calidade urbana, equilibrado económica e socialmente, inclusivo e integrador (respectando a diversidade), ambientalmente sustentable e cunha marcada igualdade en materia de xénero. Para conseguir esa meta determináronse 11 obxectivos estratéxicos, 23 obxectivos operativos, 34 liñas de actuación, ao que se destina un orzamento previsto de 52,1 M€. O proxecto en conxunto pode ser estudado en: [www.coruna.gal/eidus/gl](http://www.coruna.gal/eidus/gl)



## 2. OBXECTO.

O obxecto da presente folla de encarga é determinar as características técnicas para a execución do contrato de consultoría destinado á elaboración dos "TRABALLOS DE ADAPTACIÓN E MANTEMENTO EVOLUTIVO DA WEB EIDUS-CORUÑA, ELABORACIÓN DUN MANUAL DE IDENTIDADE E COMUNICACIÓN DUSI E UN RESUMO EXECUTIVO DA ESTRATEXIA DUSI DA CORUÑA".

A asistencia técnica consistirá na elaboración dos traballos de:

1. **Adaptación da Web EIDUS-Coruña á Estratexia de comunicación do POCS e ao Manual en materia de comunicación 2014-2020.**
2. **Incorporar na Web EIDUS-Coruña o buzón de denuncias previsto no Manual de Procedementos DUSI proposto ao Organismo Intermedio de Xestión (Subdirección General de Desarrollo Urbano do MINHAFP).**
3. **Incorporar adaptacións estruturais na Web EIDUS-Coruña para plasmar as funcionalidades de xestión, información, transparencia, etc. do proxecto ao longo da súa vida en fase de xestión-execución.**
4. **Incorporar na web EIDUS-Coruña os elementos considerados imprescindibles para o inicio da execución da EIDUS-Coruña: convocatoria única de expresións de interese (a partir do Cadro de Mando-DUSI e Proxecto Orzamento Municipal para 2018), documentos orientativos vinculados ao desenvolvemento da convocatoria (modelo de expresión de interese, modelo de informe elexibilidade-subvencionabilidade-proposta a Xunta de Goberno Local, modelo DECA, etc.).**
5. **Elaboración dun resumo executivo da EIDUS-Coruña (con integración do seu CdM) e presentación da mesma (PPT ou outra ferramenta de uso xeneralizado para presentacións públicas).**
6. **Elaboración Manual de Imaxe e Comunicación DUSI**

## 3. REQUISITOS DE ADMISIÓN.

### 3.1. EQUIPO DE TRABAJO.

Como mínimo, no equipo proposto determinarase a interlocución coa Dirección do Proxecto designada polo Órgano contratante, mediante unha Xefatura de Proxecto do que dependerán, polo menos, dous consultores senior con titulación académica de nivel superior e experiencia acreditada en proxectos de:

- ✓ Elaboración e implantación de plans supramunicipais.
- ✓ Procura e análise de información nas administracións públicas.
- ✓ Colaboración na elaboración de normativa (leis, decretos, ordenanzas...).
- ✓ Colaboración en xestión de asistencia a municipios en plans de alcance interadministrativo.
- ✓ Desenvolvemento de traballos de definición estratéxica e planificación no ámbito local.



Na solicitude de participación no procedemento, deberá especificarse os nomes e cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación. Ao mesmo tempo, sinalase que, de conformidade co artigo 64 do vixente Texto Refundido, o incumprimento da dedicación ou adscrición á execución do contrato dos medios persoais ou materiais suficientes para iso (segundo a súa oferta) terán o carácter de obrigacións esenciais para os efectos previstos no artigo 223.f) do mesmo Texto Refundido (causa de rescisión do contrato).

A solvencia técnica ou profesional acreditarase achegando unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no últimos cinco anos neste tipo de proxectos.

A iso acompañarase unha declaración responsable do licitador respecto da veracidade das características e experiencia do equipo de traballo ofertado sen prexuízo da posterior acreditación da disposición efectiva do mesmo no caso de resultar adxudicatario. Para iso seguirase o seguinte modelo:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

#### **DATOS DO DECLARANTE**

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono: Correo electrónico:

Dirección a efectos da práctica de notificacións:

Entidade mercantil á que representa (en caso de actuar en representación):

NIF:

Cargo:

#### **DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

- Que o asinante da declaración ou a persoa xurídica á que representa ten plena capacidade de obrar capacidade de obrar
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópase incurso en suposto algún de prohibicións de contratar aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica e local.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.

**AUTORIZO** ao órgano de contratación a solicitar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

A Coruña, a ... de ..... de 201...

Sinatura



### 3.2. MEDIOS TÉCNICOS.

Todos os recursos materiais, equipos (computadores, proxectores, pantallas, pizarras, etc), programas informáticos e material funxible, necesarios para a realización dos traballos deberán ser achegados polo adxudicatario.

Así mesmo, a empresa adxudicataria será enteiramente responsable da posta en marcha e mantemento, durante toda a duración dos traballos, das infraestruturas materiais e técnicas adecuadas, así como asumir o custo de cantos desprazamentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

O Concello da Coruña proverá ao adxudicatario un espazo no seu repositorio documental onde este debe aloxar toda a documentación elaborada no desenvolvemento deste proxecto. Neste espazo é onde se poñerá a disposición do adxudicatario a documentación necesaria para a execución dos traballos.

### 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.

Establécese un prazo de cinco días hábiles para a presentación de solicitudes para optar á presente licitación, por iso as ofertas presentaranse no rexistro do Concello da Coruña antes do venres 17 de novembro ás 13.00 horas, debendo ser remitida unha copia da solicitude de participación e da oferta en formato pdf o seguinte enderezo electrónico: [eidus@coruna.es](mailto:eidus@coruna.es)

As solicitudes deberán indicar: *Servizo de Alcaldía. Presentación de oferta para participar no SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A REALIZACIÓN DOS "TRABALLOS DE ADAPTACIÓN E MANTEMENTO EVOLUTIVO DA WEB EIDUS-CORUÑA, ELABORACIÓN DUN MANUAL DE IDENTIDADE E COMUNICACIÓN DUSI E UN RESUMO EXECUTIVO DA ESTRATEXIA DUSI DA CORUÑA".*

Xunto coa solicitude de participación acompañarase, en sobre pechado, a seguinte documentación:

- Documentación de carácter administrativo: declaración responsable (art. 146 TRLCAP / art. 59 Directiva 2014/724/UE).
- Oferta técnica
  - Metodoloxía de traballo (formulación de proposta respecto dos contidos sinalados no apartado 2 do presente documento).
  - Equipo de traballo posto a disposición do traballo a realizar.
  - Medios técnicos dispoñibles ofertados.
  - Planificación dos traballos (tarefas, fitos, calendario de execución, etc.).
- Oferta económica.

### 5. VALORACIÓN DAS OFERTAS.



Para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa utilizaranse os seguintes criterios de valoración:

- Mellor proposta técnica, que se valorará de 0 a 6 puntos, tendo en conta:
  - ✓ a metodoloxía utilizada para a elaboración da documentación obxecto do contrato, que se valorará ata un máximo de 2 puntos
  - ✓ o programa de traballo previsto para o cumprimento do obxecto do contrato, que se valorará ata un máximo de 3 puntos
  - ✓ Equipo de traballo e Medios técnicos que se valorará ata un máximo de 1 puntos

A efectos de valoración da proposta técnica, deberá presentarse unha memoria que non poderá exceder de 10 folios escritos a computador, impreso por ambas as caras, tipo de letra arial 11, xustificado, interliñado sinxelo e espaciado posterior entre parágrafos de 6 pto.

- Mellor oferta económica, que se valorará de 0 a 6 puntos, valorándose coa máxima puntuación a proposición máis económica, e valorándose as restantes segundo a seguinte fórmula  $P_i = P_{m\text{px}} \times (\text{oferta económica} / \text{oferta a valorar})$

## 6. OFERTAS CON VALORES ANORMALES O DESPROPORCIONADOS.

Cando o órgano de contratación identifique que a proposición non poida ser cumprida (en relación a algún dos criterios valorables aritméticamente) como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais nos prezos ou prazos, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de tres días xustifiquen ditas ofertas, e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe. Considerarase, como desproporcionada a baixa de toda proposición cuxo porcentaxe exceda en dez ou máis unidades á baixa media. A baixa media soamente calcularase unha vez e respecto do conxunto inicial das ofertas, independentemente daquelas que sexan rexeitadas con posterioridade por presentar valores desproporcionados. Para o cálculo da baixa media, para os efectos da súa avaliación económica, no caso de presentación en distintas ofertas de empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial, só será considerada a máis económica entre as que se atopen neste suposto por cada grupo empresarial.

## 7. RESPONSABLE DO CONCELLO DA CORUÑA.



O responsable do contrato será designado pola administración municipal.

Ao responsable do contrato correspóndelle supervisar e controlar a execución do presente contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización das prestacións pactadas, dentro do ámbito de facultades que se lle atribúan.

O Concello da Coruña poñerá a disposición do Adxudicatario a información que, estando no seu poder, sexa necesaria para a execución dos traballos.

## **8. PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS.**

A proposta deberá presentar un programa inicial de traballo indicando fitos, datas, requisitos para o seu cumprimento e posibles riscos. Este programa pecharase nun prazo máximo de 5 días unha vez adxudicado o contrato, sen que iso impida a posible replanificación necesaria para o cumprimento do obxecto do contrato.

O programa deberá contemplar reunións de seguimento semanais nas que se revisen as tarefas realizadas, se analice a situación do proxecto, se examinen os documentos que se van redactando e se execute a planificación establecida ou se definan e desenvolver tarefas non planificadas para cumprir co obxectivo do contrato.

## **9. ORZAMENTO.**

O custo estimado da presente asistencia técnica establécese en 17.450 euros (máis IVE).

## **10. ABONO DO PREZO.**

O servizo abonarase nun pago único, á finalización dos traballos, previa presentación da factura e informe de conformidade da persoa responsable municipal do contrato.

A Coruña, a 10 de novembro de 2017.

**O XEFE DE SERVIZO EN ALCALDÍA,**

Fdo. José Manuel Pena Penabad